

Textos sobre a lingua galega no s. XIX

Ningún idioma ha sido objeto de tan encarnizada guerra como el gallego; ninguno, doloroso es confesarlo, ha sido tratado con tan despreciativo desdén, aun por los mismos que lo oyeron hablar desde la infancia... ¿Acaso nuestro idioma es tan escaso de bellezas, tan rústico y montaraz que no sea digno de figurar, no sólo en el trato íntimo, sino también en los más aristocráticos salones de la buena sociedad? (Lamas Carvajal)

I. Fragmentos do artigo «El dialecto gallego y la unidad ibérica», de Ventura Pueyo (1866)

“El dialecto gallego, fuerza es decirlo, conserva en lo general cierta rudeza y desaliño propio de la época que recuerda, del atraso en que subsisten los habitantes de sus campos y montañas. [...] Por otra parte, los mismos habitantes del campo al vivir algún tiempo en las ciudades, o al viajar por otros distintos países, procuran perfeccionarse en el idioma castellano, y desean olvidar su propia lengua. [...] ¿Quién ignora que el dialecto gallego, lo mismo que los demás dialectos de España, dificultan y entorpecen la rapidez del movimiento civilizador, retardando así ese ósculo fraternal que los hijos de una misma patria debemos darnos? [...] ¿No será justo sacrificar la parte por el todo, el amor de provincia por el amor de la patria?

[...] Españoles todos; todos amantes de unas mismas instituciones y de unos mismos principios, justo es que después de haberse realizado la unidad política tras mil dolorosas rivalidades; después de haberse fundido los reinos [...] en un solo cetro, sea llegada la hora de que se fundan asimismo nuestras nacionalidades en una sola nacionalidad; nuestros dialectos en un solo y único idioma. Con esto, serán más rápidos los adelantos, más útiles y sensibles los progresos de las ciencias, de las artes y de la industria, y más robusto y enérgico nuestro valor y poder”.

II. Fragmento (adaptado) do discurso de Manuel Murguía nos Xogos Florais de Tui (1891)

“O noso idioma! O que falaron nosos pais e vamos esquencendo, o que falan os aldeáns e nos achamos a ponto de n’entendelo; aquel en que cantaron reis e trovadores; o que, fillo maior da pátreia gallega, nolo conservou e conserva coma un don da providencia; o que aínda ten nos nosos labres as dozuras eternas e acentos que van ao corazón; o que agora oídes como se fose un himno relixioso; o fermoso, o nobre idioma que do outro lado dese río [Miño] é língoa oficial que serve a máis de vinte millóns de homes e ten unha literatura representada polos nomes gloriosos de Camoens e Vieira, de Garret e Herculano. O gallego, en fin, que é o que nos dá dereito á enteira posesión da terra en que fomos nados, que nos di que, pois somos un pobo distinto, debemos selo; que nos promete o porvir que procuramos, e nos dá a certeza de que ha de ser fecundo en bens pra nós todos. Nel, como en vaso sagrado en que se axuntan todos os perfumes, áchanse os principais elementos da nosa nacionalidade, de novo negada, e aínda máis, escarnecida. [...] Língoa distinta – di o aforismo político – acusa distinta nacionalidade. Digámolo nós tamén, se nos cómpre, con maior firmeza aínda, e poñamos de nós o que faga falla, pra que sexa apta sempre esta língoa en consonancia co noso espírito, e feita como ningunha outra pra a expresión dunha literatura tan oposta ao xenio de Castilla como é esta que nós temos. [...]

Vede, polo mesmo, meus señores, se podemos dicir con verdade que nunca, nunca, nunca lles pagaremos aos nosos irmáns de Portugal que fixesen do noso gallego un idioma nacional. [...] No outro lado do océano, onde algúns se compracen en pór o berce das nacións do porvir, oírase sempre a língoa que falamos, que vamos esquencendo e que de novo terá a vida que merez, se é que temos concencia dos deberes que por propia vontade nos impuxemos.”

1. *Actividade individual / en parellas.* Localiza os argumentos empregados por Ventura Pueyo para apoiar a uniformización - castelanización e os usados por Murguía na defensa do idioma galego.

2. *Tarefa grupal.* Primeiro, revisade os argumentarios e comprobade se conteñen prexuízos ou falacias; se é así, sinaládeos. A seguir, organizade tipoloxicamente os argumentos detectados nos dous textos (por exemplo: de identidade, de utilidade, de prestixio...). Por último, contraponédeos e presentádeos nun esquema ou mapa de ideas opositivo.